

- Sempre que vos pregunten polo nome dos obxectos ou polo significado das palabras, respóndedelle correctamente.
- **A aprendizaxe das novas palabras, especialmente os substantivos, debe ter en conta tres aspectos: o nome, "isto é unha mesa"; a función ou descrición, "é de madeira, serve para poñer cousas enriba... "; e moi importante, ensinádelle a categoría á que pertence, "é un moble". Ensinádelle parecidos e semellanzas entre palabras. "En que se parecen un coello e un gato? En que se parecen unha laranxa e unha mazá "? \_ Ensinádelle progresivamente tamén a responder a estas preguntas: quen? onde? por que? como? Podedes usar situacións da vida diaria, contos, láminas ou fotografías de situacións.**
- Xogade con eles e elas a construír oracións a partir dunha palabra, logo máis tarde de dous... Ensinádelle trabalinguas, pareados ...
- Algúns sons, como a "rr" adquirense máis tarde. Ata os 4 anos e medio non é preocupante que non poida pronuncialo.

#### Para ampliar o seu vocabulario

- Observar o que vemos polas fiestras da casa e do coche adaptándonos á idade do neno
- Preguntar cousas como por exemplo "o pato fai....."
- Nos contos con pouco texto e abundantes imaxes, ir nomeando o que aparece nos debuxos, fotos, láminas, .....segundo o seu interese.
- Cando facemos algunha reparación na casa ou cando estamos a ordear os caixóns ou armarios, se pode procurar a colaboración do neno ou nena para ir verbalizando o que estamos facendo; tamén o podemos facer cando estamos a elaborar un pastel e imos engadindo moitos ingredientes.
- Cando imos de compras podemos pedirlle que nomee aquelas que se van a mercar.

#### Para favorecer a mobilidade da lingua, beizos e padal

- Podemos xogar a facer caras feas, mover a lingua dun lado a outro, vibrar os beizos e todo isto diante dun espello
- Realizamos movementos cas distintas partes da cara a través da imitación: sorrir, poñer cara de enfado, sacar a lingua, pechar a boca, imitar sons, xogar a soprar muíños de vento, facer burbullas de xabón, inflar globos, etc...
- Por último, **abusar dos alimentos triturados, do chupete ou do biberón, pode provocar problemas de pronunciación** correcta de todos os sons da fala.

**\*\*\*HAI QUE FACER DA ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE UN XOGO DIVERTIDO NO QUE FORMAN PARTE AS NENAS E OS NENOS E AS SÚAS FAMILIAS.**

#### DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

(CEIP Santo André de Xeve-CEIP Pedro Antonio Cerviño-EEI Verducido)



#### **ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE NAS FAMILIAS**

## Orientacións para as familias

A linguaxe é o instrumento de comunicación máis importante que posuímos os seres humanos. Pero ademais, o seu axeitado desenvolvemento é decisivo para a estruturación do pensamento e da acción dos nenos e nenas, para estruturar e regular a súa personalidade, o comportamento e a relación cos demais. Por último, é o principal medio de información e transmisión de cultura.

Se un neno ou nena non fala cara aos dous anos ou solo di "papá", "mamá" e pouco máis, consultade cun especialista: pediatra, logopeda,... Desconfiade totalmente dos que vos digan que a esa idade é normal que non fale, "que xa falará". Non falar aos dous anos non é normal e é un signo de alarma que obriga a actuar con présa, aínda que solo sexa por prevención. Se a partir dos 18 meses o neno non ten intención comunicativa, con persoas que non sexan exclusivamente os seus pais, non fai xestos con intención clara de dicir algo, non sinala e non fala, é un signo de alarma que vos debe levar a consultar un especialista.

O contorno familiar non soamente é o ámbito natural para o desenvolvemento da comunicación dos nenos e nenas, é tamén o único que pode proporcionar unha estimulación intensiva durante todos os días do ano; dentro das actividades diarias hai algunhas que, pola especial relación que se produce entre fillos e fillas e os pais, son moi apropiadas para a estimulación da linguaxe: a comida, o baño, cando se visten, cando van a durmir, etc... Algunhas das pautas que como pais ou tutores legais debemos facer na casa para traballar dita estimulación lingüística poden ser:

- **Falarlle** sempre de forma **clara** e despacio.
- Ofrecerlle **bos modelos de expresión oral**, evitando os "mimos", articulando ben e sen imitar os erros que produce.
- Utilizar sempre un **repertorio de palabras adaptadas á idade** do neno.
- **Non "agobiar" ao neno ou nena** pola súa forma de falar ou se o seu ritmo é moi lento, xa que cada un ten o seu ritmo de pronunciación.
- Cando lle facemos unha pregunta hai que esperar a que responda, **dándolle tempo** a que pense e conteste.
- Se precisa que lle repitamos algunha palabra farémolo todas as veces que o precise.
- Cando produza algún erro á hora de falar (como por exemplo "cote" en vez de "coche" ou "albol" en vez de "árbol"), **non debemos rirmos**.
- **Facerlle sempre preguntas** que requiran dunha resposta longa e non do "sí" ou do "non", xa que debemos darlle a oportunidade de expresarse. Falade co neno ou a nena sen berrar, devagar, con frases comprensibles e directas, ben ordenadas. Faládelle pronunciando axeitadamente as palabras, sen deixalas a medias.
- Esixídelle que **fale con oracións**, non con palabras soltas. Se non é capaz de facelo, repétide por el ou ela, correctamente o que quere dicir. Traducide a súa fala. Se o voso fillo ou filla non pronuncia ben ou non constrúe oracións

correctamente, debes repetirlle devagar e de forma axeitada o que vos quere dicir: así escoitará de vós como conseguir a corrección.

- Intentade que repita unha vez cando traducídes a súa fala: se o fai ben, eloxiáde e se non o fai, xa non lle volvedes insistir ata outra ocasión.
- Nos nenos e nenas que teñen dificultades para pronunciar ou comunicarse, é bo que, aínda que entendades a súa fala, fagades como que non comprendedes, para forzarlle a comunicarse mellor. **Lédelle contos e historias**, xa que é unha forma moi eficaz de ensinalle un modelo correcto de como se constrúen oracións e diferentes formas verbais, así como introducir novo vocabulario non usado no ambiente familiar e que descifran polo contexto dos contos.

## ACTIVIDADES QUE SE PODEN FACER NA CASA PARA ESTIMULAR A LINGUAXE DO NENO OU NENA

### Para potenciar a súa capacidade auditiva

- Chamar a atención sobre **algún son e pedirle silencio** para escoitar mellor, procurando que centre a atención no que está oíndo: "parece que chamaron á porta quen será?", "óense voces, quen chegaría?".
- **No campo** oímos cantar un paxaro, ónde estará?. Igualmente escoitamos rás, o zoar do vento entre as árbores, os sons doutros animais, o son da choiva, etc...
- **Na cociña**, podemos fixarnos no ruído que fai o batedor, o muíño do café, no son rítmico de bater dos ovos, da auga do grifo, etc....
- Cando lemos un conto ou xogamos co noso fillo ou filla, podemos imitar as distintas voces das distintas persoaxes, enfatizando a súa pronunciación (exemplo: o lobo de carapuchiña vermella, as voces dos tres porquiños, etc...)
- **Xogar a adiviñar** polo son o que acontece en sitios próximos: a ver se adiviñas que pasa na rúa?, qué fai mamá na cociña?, ....
- Pódese elaborar tamén un pequeno "diccionario infantil" utilizando debuxos feitos por recortes de publicidade e ir clasificándoos pola súa letra inicial e engadindo os que vaian xurdindo. Facede xogos con eles de rematar frases.
- Escoitade con atención o que vos conte das súas experiencias.
- **Non tratedes de imitar a súa fala infantil**, isto prexudicaralle: faládelle sempre como adultos.
- Ensinar o nome correcto dos obxectos, comezando polos máis familiares: nomear os cubertos, os cuartos, garantías de vestir, alimentos, electrodomésticos da casa, etc.
- **Non ensinedes nomes infantís**: o gua-gua; a chicha; o pipi... ensinádelle dende o primeiro día os nomes correctos: can, carne, paxaro...
- Repasar de xeito lúdico o vocabulario que vai aprendendo: "Cal é o garfo? Como se chama isto?"
- Aproveitade todas as ocasións para ensinalle o nome das cousas. A visita ao supermercado é unha boa ocasión para aprender nomes de froitas, verduras e demais produtos. Facede o mesmo con contos, libros con ilustracións, páxinas de internet, programas de TV, nas viaxes...